

REUNIÓN DA COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Día: 05.04.2018 Hora: 10:30

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 5 de abril de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais

- 1.1 21841 (10/POC-003495)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e 7 máis
Sobre as novidades e medidas específicas que se levarán a cabo para o desenvolvemento da nova Estratexia de ensino dixital e tecnolóxico en Galicia (E-Dixgal)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 237, do 11.01.2018
- 1.2 21942 (10/POC-003539)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as medidas que ten previsto adoptar a Xunta de Galicia para poñer en valor o castelo de Ameixenda, en colaboración co Concello de Cee, e garantir o cumprimento das visitas públicas contempladas na normativa BIC
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 237, do 11.01.2018
- 1.3 25572 (10/POC-004190)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da situación de ruína na que se atopan múltiples edificios do barrio da Tinería, na cidade de Lugo, en especial o Hospital de San Miguel e o pazo de dona Urraca, así como a súa opinión respecto da necesidade da súa rehabilitación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 261, do 15.02.2018
- 1.4 26831 (10/POC-004358)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre o seguimento que está a facer o Goberno galego para garantir a igualdade de acceso á educación gratuíta nos centros concertados, así como a información de xeito explícito ás familias da non obrigatoriedade de pagamento de cotas neles
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 272, do 07.03.2018
- 1.5 26937 (10/POC-004372)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa situación da lingua galega, nomeadamente o seu uso social e habitual entre a mocidade, a súa opinión referida á quebra que se está a producir na súa transmisión interxeracional e a posible incidencia da aplicación do Decreto 79/2010 na aceleración do proceso de substitución lingüística, así como as medidas que vai adoptar para o cumprimento da normativa vixente ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 272, do 07.03.2018

- 1.6 27424 (10/POC-004442)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis
Sobre os resultados da valoración dos indicadores reflectidos no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia correspondente ao curso 2016-2017, así como a opinión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 277, do 15.03.2018

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 27173 (10/PNC-002101)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co derrubamento de parte da ponte de Mourentán, no lugar do Coto, na parroquia de Santa María de Arbo, así como co estado xeral de conservación das pontes catalogadas no Inventario de pontes históricas de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 272, do 07.03.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2018

Antonio Mouriño Villar
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Antonio Mouriño Villar

P

Vicepresidente

Carlos Enrique López Crespo

P

Secretaria

Luca Chao Pérez

EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

María Ángeles Antón Vilasánchez

P

María de la Concepción Burgo López

S

María de los Ángeles Cuña Bóveda

EM

Teresa Egerique Mosquera

P

César Manuel Fernández Gil

P

Carlos Gómez Salgado

P

Olalla Rodil Fernández

BNG

Moisés Rodríguez Pérez

P

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 05.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 05.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 21841(10/POC-003495)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 7 máis

Sobre as novidades e medidas específicas que se levarán a cabo para o desenvolvemento da nova Estratexia de ensino dixital e tecnolóxico en Galicia (E-Dixgal)

Publicación da iniciativa, 237, 11.01.2018



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2017 12:20
Nº Rexistro: 21841
Data envío: 27/12/2017 12:20:27.641**

A Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Carlos E. López Crespo, Antonio Mouriño Villar, Martín Fernández Prado e Moisés Rodríguez Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na **Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria está a traballar nunha nova estratexia de ensino dixital e tecnolóxico en Galicia (EDIXGAL), a través da que se pretende fomentar a integración real das TIC no modelo do ensino dixital de Galicia.

Esta estratexia pretende dotar á rede de centros educativos de Galicia dos medios precisos para acadar esa plena inclusión tecnolóxica e, deste xeito, avanzar cara a un modelo de ensino dixitalizado e tecnolóxico que permita formar ao alumnado galego no contexto tecnolóxico do século XXI.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que novidades e medidas específicas se levarán a cabo para o desenvolvemento da nova estratexia de ensino dixital e tecnolóxico en Galicia (EDIXGAL)?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 27/12/2017 11:03:36

María Antón Vilasánchez na data 27/12/2017 11:03:43

Teresa Egerique Mosquera na data 27/12/2017 11:03:49

Carlos Gómez Salgado na data 27/12/2017 11:03:56

Carlos Enrique López Crespo na data 27/12/2017 11:04:04

Antonio Mouriño Villar na data 27/12/2017 11:04:11

Martín Fernández Prado na data 27/12/2017 11:04:18

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2017 12:20
Nº Rexistro: 21841
Data envío: 27/12/2017 12:20:27.641

Moisés Rodríguez Pérez na data 27/12/2017 11:04:25

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 05.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 21942(10/POC-003539)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as medidas que ten previsto adoptar a Xunta de Galicia para poñer en valor o castelo de Ameixenda, en colaboración co Concello de Cee, e garantir o cumprimento das visitas públicas contempladas na normativa BIC

Publicación da iniciativa, 237, 11.01.2018



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 21942
Data envío: 29/12/2017 14:11:56.853

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

O Castelo de Ameixenda é unha fortaleza levantada durante o reinado de Carlos III, no século XVIII.

Construído nunha península de 33.000 metros cadrados, sobre acantilados de 3,5 de alto, foi gardián da ría de Corcubión durante décadas.

A súa primeira pedra colocouse en 1740, e bautizárono «do Príncipe» na honra do futuro rei Carlos IV. A obra foi proxectada polo enxeñeiro Llovet e rematada por Carlos Lemaur.

O 17 de outubro de 1994, o Castelo do Príncipe era declarado Ben de Interese Cultural na categoría de monumento. Cinco anos despois, o 17 de novembro de 1999, o Bng de Cee presentaba unha moción destinada a que se cumprira a lei do patrimonio histórico-artístico con respecto ao Castelo do Príncipe.

Esta iniciativa facía referencia, entre outras cuestións, á obrigatoriedade dos propietarios de abrir o edificio ao público catro veces ao mes, e á obriga do Concello de protexer, defender, realzar e dar a coñecer o valor cultural do citado castelo.

Non foi aquela a única ocasión na que o Bng se interesou polo asunto, mais nada cambiou desde a súa declaración, o Castelo segue pechado, o que claramente



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 21942

Data envío: 29/12/2017 14:11:56.853

supón, a mais do incumprimento da devandita lei, a perda dun atractivo turístico no pobo importantísimo.

Hoxe por hoxe, tanto no que ten a ver co pobo de Cee como coa comarca, o turismo supón unha importante actividade económica, polo que perder ese atractivo é tamén perder unha fonte de ingresos nos locais de hostelería, restauración e ocio do pobo, que claramente se beneficiarían das visitas ó monumento.

O patrimonio histórico e cultural do noso concello está a ser esquecido e desaproveitado ano tras ano e goberno tras goberno.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Que pensa facer a Xunta de Galicia co Castelo de Ameixenda, para que sexa posto a visita pública catro días ó mes tal e como se contempla na normativa BIC?

- Ten pensado tamén establecer unha liña de asesoramento co concello para que este poña en valor o citado monumento e a historia que o circunda para desfrute e beneficio de lugareños e turistas?

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 21942
Data envío: 29/12/2017 14:11:56.853

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/12/2017 14:02:53

María Montserrat Prado Cores na data 29/12/2017 14:02:56

Ana Pontón Mondelo na data 29/12/2017 14:02:58

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/12/2017 14:03:00

Olalla Rodil Fernández na data 29/12/2017 14:03:02

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2017 14:03:04

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 05.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 25572(10/POC-004190)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da situación de ruína na que se atopan múltiples edificios do barrio da Tinería, na cidade de Lugo, en especial o Hospital de San Miguel e o pazo de dona Urraca, así como a súa opinión respecto da necesidade da súa rehabilitación

Publicación da iniciativa, 261, 15.02.2018



Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura.

A recuperación do barrio da Tinería é un proxecto fundamental para a cidade de Lugo, tanto pola rehabilitación dunha zona que se atopa dentro de murallas moi preto deste monumento Patrimonio da Humanidade e que conserva moitos valores arquitectónicos e históricos, como polo impulso que ofrece ao centro histórico da cidade axudando á fixación da poboación e ao crecemento da actividade económica.

A rehabilitación desta zona tivo un forte impulso no goberno dirixido polo presidente Touriño, pero a partir de 2009, coa chegada do Partido Popular ao goberno da Xunta de Galicia, retardouse ata case a parálise coa consecuencia de que un barrio con edificios moi degradados está degradándose aínda máis. Agora mesmo calcúlase que no barrio da Tinería hai 35 edificios en ruínas propiedade da Xunta de Galicia, e entre eles se atopa unha casa medieval, a coñecida como Hospital de San Miguel, encostada á muralla Patrimonio da Humanidade totalmente esnaquizada, e que comprou a Sociedade de Xestión do Plan Xacobeo no anterior goberno para facer un centro de interpretación.

Tamén está en total ruína o Pazo de Dona Urraca, un edificio do século XII situado moi cerca da muralla e da catedral. Este pazo atópase na Unidade de Intervención 8 para á que o goberno dirixido polo presidente Touriño elaborou un proxecto de desenvolvemento que incluía a rehabilitación do Pazo de Dona Urraca, e que o Sr. Feijoo anulou dicindo que volvía ao Plan Especial aprobado na VI Lexislatura polo goberno do Partido Popular, argumentando que sería moito máis rápido aplicar este Plan Especial.

Isto sucedía en 2010. Estamos en 2018 e nada, absolutamente nada, se fixo nesta unidade de intervención e o pazo está en total estado de ruína, podéndose perder irremediabilmente. Unha vez máis, Lugo vería desaparecer parte do seu patrimonio pola ineficacia e pasividade da administración que ten a responsabilidade de conservalo.

O abandono deste patrimonio é grave por si mesmo, pero tamén porque está no entorno de tres Patrimonios da Humanidade, a Muralla de Lugo dende a



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

que se percibe perfectamente este espazo degradado do barrio da Tinería e o patrimonio citado, a catedral de Lugo e o Camiño Primitivo.

Lugo non pode perder este importante patrimonio, nin pode ofrecer esta imaxe de abandono dende o seu monumento máis emblemático como é a Muralla e ao lado doutro fundamental que é a catedral. A cidade é un dos destinos de turismo cultural máis importantes de Galicia e non é de recibo a imaxe que se está dando aos visitantes nesta zona tan emblemática do centro histórico de Lugo porque a Xunta de Galicia non cumpre as súas promesas e as súas obrigas.

Consideramos que a Consellería de Cultura, como máxima responsable do patrimonio artístico-cultural, non pode quedar calada fronte a esta desatención dun patrimonio abandonado e en ruínas, máxime cando rehabilitalos é obriga da Xunta de Galicia como propietaria de todos eles.

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª.) Cal é a valoración da Consellería de Cultura da situación de ruína de múltiples edificios do barrio da Tinería de Lugo, especialmente o Hospital de San Miguel e o Pazo de Dona Urraca, patrimonio medieval propiedade da Xunta de Galicia que se atopan no entorno de tres Patrimonios da Humanidade?

2ª.) Cre a Consellería de Cultura que debe desenvolver algunha iniciativa a este respecto?

3ª.) Pensa a Consellería que é necesario que a Xunta de Galicia proceda a rehabilitar o patrimonio citado no barrio da Tinería da cidade de Lugo?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2018 16:49
Nº Rexistro: 25572
Data envío: 07/02/2018 16:49:54.639

 **Grupo Parlamentario**



Luis Manuel Álvarez Matínez na data 07/02/2018 16:48:13

Maria de la Concepción Burgo López na data 07/02/2018 16:48:01

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 05.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 26831(10/POC-004358)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre o seguimento que está a facer o Goberno galego para garantir a igualdade de acceso á educación gratuíta nos centros concertados, así como a información de xeito explícito ás familias da non obrigatoriedade de pagamento de cotas neles

Publicación da iniciativa, 272, 07.03.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 4.ª**, sobre a transparencia nos centros concertados.

Os centros concertados teñen a obriga de ofrecer educación gratuíta ás familias que así o requiran. Non poden, polo tanto, establecer barreiras de entrada económicas para manter afastados aos nenos e nenas con menos recursos. Porén, moitas familias creen que estes centros teñen dereito a cobrar cotas, o que leva a aquelas que padecen situacións económicas máis delicadas a non matricular aos seus fillos e fillas nelas.

A realidade é a seguinte: os centros concertados perciben fondos públicos para cubrir os salarios do persoal. Tamén reciben cartos para cubrir os gastos de mantemento e de conservación do centro. Por elo, a lei lles prohibe de xeito explícito cobrar cotas aos pais para financiar estes mesmos servizos. Si poden, en cambio, cobrar por un amplo abanico de servizos complementarios: transporte, comedor, actividades extraescolares, servizos psicolóxicos...

A pesar disto, moitos centros concertados aproveítanse do descoñecemento dos pais para facerlles crer que as cotas opcionais son en realidade obrigatorias. En moitos colexios ou ben non se menciona a voluntariedade das cotas ou ben se reflexa por escrito, pero logo se informa verbalmente de que en realidade son obrigatorias e que o redactado é un mero formalismo.

Ademais, as cotas gozan dunha opacidade que non tería que ser admitida en ningún centro financiado con diñeiro público. Os pais e nais non saben a que se



dedican os cartos recadados, o que outorga as escolas concertadas unha impunidade absoluta. A sociedade non ten xeito de fiscalizar as súas contas.

Tendo presente que comezamos o curso cun novo aumento de aulas concertadas, en moitas das cales se respira o clima retrógrado das formacións relixiosas que as dirixen, urxe esixir que tódolos centros financiados polo conxunto da cidadanía sexan transparentes e rendan contas ante todos nós.

Ante esta situación o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- Que seguimento está a facer o Goberno para garantir que os centros concertados respecten a igualdade de acceso?
- E para asegurar que informan de xeito explícito da non obrigatoriedade das cotas?
- Cal é a porcentaxe de rapaces e rapazas en risco de exclusión nos colexios concertados? E nos públicos?
- En que gastan os centros concertados o diñeiro que recadan coas cotas? O Goberno ten cifras ao respecto?
- No caso de non telas, por que non fixo ningún seguimento para evitar irregularidades?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26831
Data envío: 22/02/2018 19:16:57.943



Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 22/02/2018 19:07:25

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 22/02/2018 19:07:32

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 05.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 26937(10/POC-004372)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa situación da lingua galega, nomeadamente o seu uso social e habitual entre a mocidade, a súa opinión referida á quebra que se está a producir na súa transmisión interxeracional e a posible incidencia da aplicación do Decreto 79/2010 na aceleración do proceso de substitución lingüística, así como as medidas que vai adoptar para o cumprimento da normativa vixente ao respecto

Publicación da iniciativa, 272, 07.03.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 13:15
Nº Rexistro: 26937
Data envío: 26/02/2018 13:15:34.339

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre a perda de falantes en lingua galega, nomeadamente entre a mocidade, e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza para cumprir coas súas obrigas en materia de normalización lingüística.

Sucesivos estudos e institucións veñen advertindo nos últimos anos do proceso de substitución lingüística que se está a producir no noso país, a ruptura na transmisión xeracional do galego así como dunha perda progresiva de falantes habituais en lingua galega entre as faixas de idade máis novas.

Alén do informe elaborado polo Consello da Cultura Galega en 2017 sobre Prácticas e actitudes lingüísticas da mocidade en Galiza, recentemente a Academia Galega, con motivo do Día da lingua materna ou lingua inicial, tamén fixo públicos os resultados deitados polo estudo Lingua e sociedade en Galiza 1992-2016.

Ambas as dúas institucións sinalan a política lingüística da Xunta de Galiza, especialmente a o Decreto 79/2010, como causa do retroceso da lingua galega no ensino e responsábel da tendencia á baixa do idioma propio de Galiza como lingua de uso social e habitual entre a mocidade.

Hai un ano que a Xunta de Galiza, tamén con motivo da data que conmemora as linguas maternas a nivel internacional, asegurou que desenvolvería unha campaña de



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 13:15
Nº Rexistro: 26937

Data envío: 26/02/2018 13:15:34.339

normalización lingüística dirixida a promover o uso do galego entre a mocidade porén, até o de agora ese anunciado compromiso non se materializou.

Desde o BNG vimos denunciando de maneira constante e reiterada os prexuízos que a aprobación do Decreto 79/2010 supoñen para a normalización de usos do galego e, ao abeiro dos mencionados estudos sociolingüísticos, é máis que evidente as consecuencias que a perda de peso da lingua galega nas aulas está a ter.

Neste senso, a Academia advirte que o proceso de substitución lingüística – ralentizado entre 2003 e 2008-- volve coller impulso despois da aprobación do denominado *decretazo* e chama a reflexionar sobre as consecuencias da súa aplicación.

Tanto é así que, asegura está a fallar algo “cando o noso ordenamento legal desde os inicios da autonomía prevé avanzar cara a unha situación de normalidade do galego e de igualdade co castelán e, pola contra, unha parte crecente dos e das galegas sente unha presión cada vez máis forte para abandonar o galego e adoptar o castelán”; ao tempo que se produce unha “fenda na transmisión lingüística interxeracional”.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Como valora a Xunta de Galiza a situación da lingua galega?
- Cal é a valoración do uso social e habitual que a mocidade fai da lingua propia do seu país?
- Que opinión lle merece ao Goberno galego a quebra que se está a producir na transmisión interxeracional do galego?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 13:15
Nº Rexistro: 26937

Data envío: 26/02/2018 13:15:34.339

- De acordo coa análise que convida a facer a Academia galega, cre a Xunta que a aplicación do Decreto 79/2010 ten a ver coa aceleración do proceso de substitución lingüística?

- Que medidas prevé adoptar o Goberno galego para cumprir as súas obrigas estatutarias e legais de promoción e normalización da lingua galega?

- Con que prazos e orzamento traballa a Xunta de Galiza para iniciar a campaña de normalización da lingua entre a mocidade que anunciou o Conselleiro de Educación en febreiro de 2017?

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 13:15
Nº Rexistro: 26937
Data envío: 26/02/2018 13:15:34.339

Olalla Rodil Fernández na data 26/02/2018 13:06:32

María Montserrat Prado Cores na data 26/02/2018 13:06:37

Ana Pontón Mondelo na data 26/02/2018 13:06:38

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/02/2018 13:06:40

Noa Presas Bergantiños na data 26/02/2018 13:06:41

Xosé Luis Bará Torres na data 26/02/2018 13:06:43

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 05.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 27424(10/POC-004442)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre os resultados da valoración dos indicadores reflectidos no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia correspondente ao curso 2016-2017, así como a opinión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ao respecto

Publicación da iniciativa, 277, 15.03.2018



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e María Luisa Pierres López, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

O I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020 elaborado conxuntamente pola Secretaría Xeral da Igualdade, dependente da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Nesta iniciativa indícase que se trata de inverter a tendencia existente nos últimos anos, nos que se observa un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos.

Inspirado en catro principios (transversalidade, sociedade igualitaria, Obxectivo “violencia 0 nas aulas e na sociedade” e inclusión e integración da diversidade), establece seis eixes:

- 1) Afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.
- 2) Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opcións.
- 3) Integrar a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar e garantir que a formación inicial e ao longo da vida, acolle a todo o alumnado na súa diversidade (étnica, cultural, social, económica, funcional, sexual, de xénero, lingüística,...).
- 4) Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual, e afectiva.
- 5) Traballar as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais, co fin de visibilizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade.



Grupo Parlamentario

6) Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple.

Cada un destes eixes ten asociados unha serie de obxectivos que se acadan con medidas: son 27 as que prevé o plan, algunha delas aplícase a varios obxectivos.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Como é lóxico, prevese un sistema de seguimento e avaliación a través dun sistema de indicadores, co que se realizará un seguimento das medidas previstas que permitirá avaliar o impacto dos seus obxectivos e medidas coa finalidade de identificar aqueles aspectos no que é necesario incidir para acadar unha educación igualitaria.

Considerando que o horizonte temporal que comprende a vixencia deste I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia son os cursos académicos 2016-2017, 2017-2018, 2018-2019 e 2019-2020 e que, aos efectos que nos ocupan, en xuño de 2017 (hai 8 meses) a información sobre os indicadores do primeiro curso de vixencia (2016-2017) poden estar dispoñibles, por iso o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Realizouse a valoración dos indicadores previstos no I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia correspondente ao curso 2016-2017?

2ª) Se non se realizou, cal foi a causa?

3ª) Se se realizou, que valoración fai a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dos valores obtidos?

4ª) Os resultados observados poñen en evidencia a necesidade de incidir nalgunha das medidas previstas no Plan ou de incluír algunha nova?

5ª) Estímase necesario dedicar esforzos adicionais (persoais, económicos ou doutro tipo) para acadar os obxectivos do plan no remate do curso 2019-2020?

Pazo do Parlamento, 6 de marzo de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 27424
Data envío: 06/03/2018 18:59:46.018



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/03/2018 16:19:02

María de la Concepción Burgo López na data 06/03/2018 16:19:10

María Luisa Pierres López na data 06/03/2018 16:19:24

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 05.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 05.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 27173(10/PNC-002101)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co derrubamento de parte da ponte de Mourentán, no lugar do Coto, na parroquia de Santa María de Arbo, así como co estado xeral de conservación das pontes catalogadas no Inventario de pontes históricas de Galicia

Publicación da iniciativa, 272, 07.03.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 4.^a**, relativa **ao derrube da Ponte Mourentán no lugar do Coto**.

Exposición de motivos

A Ponte de Mourentán ten a consideración de ben catalogado, é unha infraestrutura catalogada na Xunta co código RI.0000030243. Trátase dun ben inventariado no Inventario de Bens Patrimoniais da Xunta e está incluída no Inventario de Pontes Históricas de Galicia co número PO-22. Situada no lugar do Coto de Mourentán, Parroquia de Santa María de Arbo, nas seguintes coordenadas: 42° 07' 12.1" N - 8° 17' 35.5" W e construído entre os séculos XIV e XV sobre o río Deva para facilitar o cruce ao antigo Camiño desde Ribadavia a Tui. É unha ponte feita en perpiaño granítico, dun só arco lixeiramente apuntado. Ten unha lonxitude de 12,50 m. cunha lonxitude de 4 metros. Nalgúns dos seus perpiaños podemos ver varios gravados en forma de cruces. Testemuña histórica da batalla da Independencia que se librou contra os franceses en febreiro de 1809. Existe unha columna que recorda esta batalla.

O 28 de abril de 2017 o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria Román Rodríguez González e o alcalde do Concello de Arbo, Horacio Gil, asinaron un convenio de colaboración para a recuperación e consolidación da Ponte de Mourentán.



Esta ponte presentaba danos localizados no estribo dereito e nos peitorís, particularmente no muro do estribo dereito, que presentaba abombamento, xunto cunha greta na bóveda, desde o ano 1992.

Neste ano 1992 realizouse un proxecto que non se executou. No ano 2016 a conservación da ponte perigaba polo que se volveu analizar a situación, e o concello facer unha reparación da mesma, sendo necesarias obras nos peitorís, nos estribos, particularmente no dereito, e no resto da fábrica realizaríase a limpeza da vexetación que cobre os muros do estribo esquerdo e cortar e estabilizar algunhas árbores que medran neles, que poderían causar danos a longo prazo.

O proxecto cun orzamento de execución por contrata de 103.418 euros asumíuse pola Consellería con cargo aos orzamentos xerais da comunidade autónoma, mentres que o Concello de Arbo se ocuparía de autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios para que a Consellería puidese acometer as obras. Tamén se encargaría de aprobar o documento técnico das actuacións e das licencias e custes asociados que ascendería a 10.750 euros, realizado no ano 2016.

Esta intervención incluíuse no Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia da Dirección Xeral do Patrimonio cultural.

O obxecto da actuación prevista era acometer as obras necesarias para evitar que a ponte seguisse deteriorándose e impedir que se produza unha perda irrecuperable para o patrimonio cultural galego.

O 7 de decembro do ano 2017 comezaban as obras, supervisadas polo director da obra da empresa adxudicataria e polos técnicos de Patrimonio, de tratamento, reparación e consolidación do seu estribo. A andamiaxe xa estaba colocada nunha parte da ponte, cando a finais de mes se derrubou.



O alcalde informou á Dirección Xeral de Patrimonio do ocorrido. Os técnicos tiñan a responsabilidade de analizar as causas do derrube.

A Consellería sinalou, como causa do derrube, as fortes choivas de fin de ano e a crecida do río Deva que provocaron grandes danos na estrutura e fixeron que parte do seu arco e calzada se viñese abaixo con todos os ferros.

Non ten nada que ver o abombamento do muro do estribo, nin da fenda na bóveda que xa presentaba desde o ano 1992. 25 anos son abondo para ter danos estruturais e non caer, bastante aguantou a ponte desde que se viron os danos. E tamén se constata a vontade de conservación do noso patrimonio.

Ata que non conclúan os traballos de recollida dos elementos caídos, a Consellería non poderá calcular o orzamento final necesario da obra de conservación da ponte. Desde logo se se tivese feito bastante antes, non estaríamos ante o derrube, nin ante custes innecesarios.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Rematar a obra de reparación e consolidación da Ponte de Mourentán, no menor tempo posible e coas garantías de conservación da mesma.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2018 17:37
Nº Rexistro: 27173
Data envío: 01/03/2018 17:37:44.240



2.- Informar do estado xeral de conservación das Pontes catalogadas no Inventario de Pontes Históricas de Galicia, así como das actuacións que se están a levar a cabo.

3.- Publicar estas actuacións no portal da Consellería respectiva, así como o seu custo total.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Asdo.: Luís Villares Naveira

Luca Chao Pérez

Voceiro do G.P. de En Marea.

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 01/03/2018 17:34:50

Luca Chao Pérez na data 01/03/2018 17:34:58

Luis Villares Naveira na data 01/03/2018 17:35:04